

CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CARLOS CASARES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS

En Santiago de Compostela, na sede dos servizos centrais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

22 MAR. 2017

REÚNENSE:

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Francisco Javier Casares Mouriño, na súa calidade de presidente da Fundación Carlos Casares (en adiante Fundación), con CIF G-36907244, actuando en nome e representación da entidade.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén

H. Lemos



desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

A Real Academia Galega é a institución científica que téñen como obxectivo o estudo da cultura de Galicia, e especialmente, da lingua galega e que ademais decide a perxonalidade literaria á que se lle dedica o Día das Letras Galegas.

A Real Academia Galega considera que a calidade, a vocación abertamente comunicativa e o carácter variado da súa obra, que incluíu a literatura infantil, o xornalismo e o ensaio, converte a Carlos Casares nun escritor especialmente idóneo para protagonizar a celebración das Letras Galegas de 2017.

A RAG acordou que a celebración de 2017 estea dedicada a Carlos Casares. Membro numerario desta institución ata o seu pasamento en 2002, Casares foi un dos autores de referencia da narrativa galega do século XX, cun compromiso con gran público lector, tanto a través das súas obras como das súas colaboracións na prensa. Esta faceta de escritor compaxinoua primeiro co seu labor como ensinante e despois cunha dimensión pública como xestor e dinamizador de proxectos de gran relevancia para a cultura galega, como a editorial Galaxia, da que foi director, o Consello da Cultura Galega, que presidiu entre os anos 1996 e 2002, ou o Centro PEN Galicia, ademais da propia Real Academia Galega. Casares tamén xogou un papel importante na difusión exterior da nosa literatura, grazas á súa participación permanente en espazos de encontro internacional de escritores.

H. Ben.



Os membros da RAG destacaron que o escritor ourensán foi “unha das figuras máis senlleiras e renovadoras da literatura galega das últimas décadas do século XX”, salientando a súa condición de narrador, ensaísta, articulista de prensa, editor e dinamizador cultural, así coma “o humor e a sinxeleza e a claridade no tratamento dos temas que lle afectan ao mundo actual”. Así mesmo, fixo fincapé en que “alén do seu talento literario, Casares foi un intelectual de relevo extraordinario que destacou tamén pola súa implicación na vida cultural, social e institucional do país e por unha laboriosidade incansable, ao tempo intelixente e reflexiva, e sempre cun compromiso inequívoco coa lingua galega”. A RAG conclúe que a escolla de Casares “reforzará o prestixio da nosa lingua e literatura, non soamente entre o público escolar e estudantil en xeral, senón entre o gran público lector, que xa celebrou en vida a súa espléndida obra literaria”.

Para difundir e poñer en valor o seu legado, e co fin de reforzar o valor social do noso idioma nos diferentes ámbitos, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Real Academia Galega, a Fundación Carlos Casares, o Consello da Cultura Galega, o Centro PEN Galicia, a Editorial Galaxia, a Televisión de Galicia, a Deputación de Ourense, e os concellos de Ourense e de Xinzo de Limia, suman os seus esforzos nunha programación conxunta de iniciativas diversas en todo o territorio, coas que se abordarán as diferentes facetas de Carlos Casares. Para facer, un ano máis, das Letras Galegas unha celebración de todos.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera axeitado colaborar coa Fundación Carlos Casares nunha programación que comprende: media ducia de exposicións monográficas, simposios, homenaxes, reedicións e faladoiros que conforman o groso da programación dedicada á figura de Carlos Casares no ano no que as Letras Galegas se dedican á súa figura, catro exposicións itinerantes, unha exposición “os mundos de Carlos Casares”, documental sobre Carlos Casares, creación de roteiros literarios, nova exposición “as caras dos libros” e, asistencia e apoio a centros escolares, asociacións culturais, concellos e investigadores nos actos do día das letras galegas.





As partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, establecendo unha dinámica de participación con entidades, privadas e públicas, para apoialas e promover actividades que faciliten o emprego do galego no seu funcionamento ordinario e nas súas actuacións.

Dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver dentro do convenio, soamente poderán levarse a cabo pola Fundación Carlos Casares. Trátase dun referente único e exclusivo en Galicia e, coincidindo coa dedicación do Día das Letras Galegas ao autor Carlos Casares, non resulta posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio

Para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Cultura e a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Fundación Carlos Casares para a programación diversas actuacións culturais dedicadas á figura de Carlos Casares no ano no que as Letras Galegas se dedican á súa figura.





Segunda.- Obrigas da Fundación Carlos Casares

Mediante a sinatura deste convenio, a Fundación Carlos Casares comprométese a realizar en lingua galega as seguintes actuacións durante o exercicio 2017:

1. EXPOSICIÓN "OS MUNDOS DE CARLOS CASARES"

Será a exposición sobre a figura, a obra e o tempo de Carlos Casares para o ano das Letras Galegas de 2017. Unha magna exposición modular que xorde da reelaboración e ampliación da exposición homónima orixinal de 2003 que itinerou por Galicia ata 2012 e que agora tomará unha nova forma ao lume da catalogación do Arquivo Persoal de Carlos Casares, realizada de 2010 a 2012 e da investigación efectuada desde entón na riquísima e variada fonte que se abriu daquela. Contará con soporte audiovisual, ademais de paneis textuais explicativos, obxectos cotiáns, documentos e pezas históricas, fotografías orixinais, todo circunstanciado nun pano de fondo histórico que recolla o devir das diferentes épocas do escritor.

A exposición visitará varias cidades galegas ao longo do ano 2017, como Ourense, Xinzo de Limia, Santiago de Compostela, e outras pendentes de pechar (posiblemente Pontevedra e A Coruña) ofrecendo actividades culturais anexas relacionadas co ano en que se lle dedica a Carlos Casares o Día das Letras Galegas (conferencias, lecturas, concertos ou actividades teatrais).

2. DOCUMENTAL SOBRE CARLOS CASARES (PREPRODUCCIÓN)

Documental, filme documental ou *Biopic* sobre a vida e a obra de Carlos Casares para o ano das Letras Galegas, realizado por un equipo profesional e con destino a ser emitido tanto en salas de cinema como nas pantallas de televisión. Búscase un elenco de prestixio nacional e internacional para o guión, a dirección, a produción, a banda sonora e a postprodución do dito documental. A parte orzamentaria deste convenio se dedicaría exclusivamente para a preprodución do mesmo.

[Handwritten signature]



3. CREACIÓN DE ROTEIROS LITERARIOS PARA O DÍA DAS LETRAS.

Realización de roteiros literarios en Nigrán e Xinzo de Limia e colaboración co da cidade de Ourense, enmarcado nos actos de celebración do Día das Letras Galegas. Todos estes roteiros están a crearse para que tanto alumnado de centros docentes como a cidadanía poda percorrer os espazos do escritor ourensán.

4. NOVA EXPOSICIÓN “AS CARAS DOS LIBROS. O DESEÑO DE PORTADAS NA OBRA DE CARLOS CASARES”

Esta nova exposición, encadrada dentro do Día das Letras Galegas, permitirá achegar ao público unha mostra modular de mais dun centenar de portadas dos libros de Carlos Casares nos diferentes xéneros e edicións, sexa como autor, tradutor, editor ou colaborador, así como dos libros homenaxe dedicados a el. Farase especial relevancia na relación entre a obra literaria e o deseño gráfico, con información sobre os deseñadores e maquetadores, así como das ilustracións, debuxos ou fotografías que forman parte da concepción do volume.

5. ASISTENCIA E APOIO PARA OS ACTOS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

5.1. ASISTENCIA E APOIO A CENTROS ESCOLARES, ASOCIACIÓNS CULTURAIS E OUTRAS ENTIDADES NOS ACTOS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

 Co gallo dos actos culturais que se van desenvolver neste Día das Letras Galegas 2017, a Fundación está a ofertar ás distintas entidades (centros escolares, asociacións, centros galegos, entidades locais, etc.) todo o seu apoio tanto documental como expositivo e os recursos humanos cos que conta a Fundación Carlos Casares. A cantidade de peticións recibidas por diversas entidades obriga á Fundación a fornecer de material didáctico e expositivo, así como de conferencias, faladoiros, recursos gráficos, audiovisuais e do arquivo persoal do escritor a todo o mundo que o solicita, sempre centrado nos actos do Día das Letras Galegas.



5.2. ASISTENCIA E APOIO A INVESTIGADORES PARA ESTUDOS RELACIONADOS CO ANO CASARES

Búsqueda, tratamento e envío de información e documentación textual e gráfica aos, investigadores institucionais e privados, firmas editoriais, periódicos e empresas interesadas na figura e na obra do escritor.

Ademais de material textual e documental, a Fundación Carlos Casares tamén apoiará a estas entidades e particulares no desenvolvemento de actividades culturais relacionadas cos actos do Día das Letras Galegas mediante a colaboración conxunta, realizando labores de mediación cultural entre creadores de contidos e entidades peticionarias de actividades, con apoio loxístico e económico da entidade.

6. ACTUALIZACIÓN DE CONTIDOS DA PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS PARA DAR VISIBILIDADE AOS ACTOS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

6.1. NOVA PÁXINA WEB.

Nace da actualización do software da que viña funcionando actualmente, de maneira que conserva o anterior contido textual e audiovisual ademais de enriquecerse con outros novos que a actualización permite. O obxectivo da nova páxina é ofrecer un servizo eficaz a centros académicos, institucións, administracións, empresas e particulares durante as necesidades que poidan ter durante 2017, ano dedicado a Carlos Casares no Día das Letras Galegas (incremento de contidos e recursos educativos, pezas audiovisuais, escritos, material de arquivo, etc.), poñéndolas a disposición do público que traballa o escritor que en 2017 é homenaxeado pola Real Academia Galega.

6.2. FACEBOOK E TWITTER DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES.

A Fundación mantén un perfil moi activo nestas redes sociais, e o incremento de actividades polos actos e noticias relacionadas co Día das Letras Galegas requiren un maior esforzo neste ámbito. Iníciase tamén a apertura e mantemento dun perfil de



Twitter (@letrasgalegas17) co fin de ir comentando todas as actividades, propias e alleas, relacionadas co Día das Letras Galegas dedicado a Carlos Casares.

A Fundación encargárase de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas no convenio e facilitará os medios técnicos e humanos de que dispón para a súa realización.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

A Fundación Carlos Casares comprométese a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual– a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

A Fundación Carlos Casares deberá presentar, segundo modelos de anexos que se achegan, declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do




imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

A Fundación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A Fundación deberá presentar cuberto o anexo 1 (na primeira fase) e o anexo 2 (na fase de xustificación).

A Fundación Carlos Casares está obrigada a relacionarse exclusivamente por medios electrónicos coa Administración. Artigo 14.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceira.- Financiamento

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de 75.000,00 €.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a realizar unha achega económica por importe de 60.000 € a través das Secretarías Xerais de Cultura e de Política Lingüística, coa seguinte desagregación:

A Secretaría Xeral de Cultura colaborará na realización destas actuacións cunha achega económica por importe 40.000,00 € con cargo aplicación orzamentaria 10.20.432A.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, código de proxecto 2015 00352.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará na realización destas actuacións cunha achega económica por importe 20.000,00 € con cargo aplicación orzamentaria 10.30.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 código de proxecto 2015 00320.



A Fundación achegará a cantidade de 15.000,00 € para a realización das actividades previstas no convenio.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Cuarta.- Xustificación dos gastos

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-ciudadan>.

A Fundación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite de 30 de novembro de 2017 e incluírá a seguinte documentación, que se corresponde coa solicitada no anexo II:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento (segundo o modelo que se achega no anexo II).
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diminuírase proporcionalmente.





A Fundación responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

A Secretaría Xeral de Cultura será o órgano competente encargado de comprobar o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos. Unha vez comprobada a documentación, o secretario xeral de Cultura emitirá certificado ao respecto que será enviado á Secretaría Xeral de Política Lingüística para que tramite o correspondente documento contable OK e o remita á Secretaría Xeral de Cultura para a tramitación do expediente.

Quinta.- Rexistro de Convenios.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Fundación Carlos Casares acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Sexta.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

Sétima.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario



das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Oitava.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polos secretarios xerais de Cultura e de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ou persoas en quen deleguen, e polo presidente da Fundación.

Novena.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décima.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha – nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria – polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeira.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.





Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Décimo segunda.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.





Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e O presidente da Fundación Carlos Casares

Román Rodríguez González



Francisco Javier Casares Mouriño